

A ESCOLLA DOS NOMES EN GALICIA A FINAIS DO SÉCULO XX

Ana Isabel Boullón Agrelo
Universidade de Santiago de Compostela

Introdución

Nos últimos anos do século XX ocorreron grandes cambios na sociedade de Galicia, como consecuencia da transformación política ocorrida trala morte de Franco e a chegada da democracia. As mudanzas sociolóxicas e lexislativas conseguintes tiveron o seu correlato nos cambios nas preferencias de imposición de nomes ós nenos galegos. Os séculos anteriores caracterizáranse por unha grande estabilidade: as únicas novidades viñan, praticamente, dos novos cultos que sa promovendo a Igrexa Católica. Agora os cambios serán moito más rápidos, a Igrexa perde aceleradamente a súa influencia social, e a xente é receptiva ante os novos medios de comunicación de masas, o recoñecemento das distintas especificidades nacionais e outros fenómenos que incidirán directamente nos nomes persoais. Nesta achega veremos cara a onde van as novas tendencias á hora de nomear¹.

1. As tendencias onomásticas no último cuarto do século XX

As reformas lexislativas que acompañaron á democracia tralo ano 1975 permitiron a imposición de nomes que non foran exclusivamente españois, como era obrigado ata o momento; ademais, aínda que non estaba plasmado lexislativamente, era moi difícil pór un nome que non estivera rexistrado no santoral católico. A Lei do 4 de xaneiro de 1977 consentía xa que os nomes puidesen estar en galego, catalán ou vasco, ou substituírse polo seu equivalente onomástico en calquera das linguas españolas, nun trámite sinxelo e gratuito. Ultimamente (Lei 40/1999, do 5 de novembro) explicitase que as restricións se limitan ós «nomes que obxectivamente prexudiquen a persoa, así como os diminutivos ou variantes familiares e coloquiais que non alcansasen substantividade, os que fagan confusa a identificación e os que induzan no seu conxunto a erro en canto ó sexo» (artigo 2º)².

Ana Isabel Boullón Agrelo

A partir dese momento, non habendo xa obrigatoriedade de pór nomes cristiáns e españois, non só se produciu unha renovación do corpus onomástico, senón que os cambios no ranking se producen con moita más rapidez: agora non hai que agardar moitos anos para que entren novos nomes ou para que varíen de maneira significativa na súa posición³; xa nunha década podemos ver cómo hai nomes que descenden do posto 10 no ránking ó 32, como no caso de *Vanesa*⁴, do 21 ó 50 (*Mónica*) ou ascenden do 29 ó 18 (*Tamara*), do 68 ó 29 (*Lara*), do 38 ó 21 (*Jessica*, contando as variantes). Son uns poucos exemplos, tomados case ó azar, que nos serven para comproba-lo efémero das novas modas, fenómeno que tamén se pode dicir dos nomes masculinos, malia súa tradicional maior estabilidade (*Brais*, por exemplo, pasa do posto 74 na década dos 80 ó 18 na dos 90; *Adrián* de 13 a 1º; *Christian* de 63 a 16).

A renovación do corpus onomástico vén fundamentalmente por tres vías (seguimos en parte a Lieberson 2000:112):

1. Invención de novos nomes. No caso do galego non se manifesta dunha maneira tan extrema coma noutras áreas, por exemplo en América (tanto do Norte coma do Sur), con novas combinacións fonémicas, senón más ben mediante a asignación a palabras existentes de novos usos como nomes propios. Isto faise exclusivamente con palabras procedentes do galego, como más adiante indicaremos máis pormenorizadamente.
2. Importacións de diferentes culturas ou subculturas. A principal fonte en Galicia son os nomes anglosaxóns. A moita distancia están os doutras linguas europeas e, en proporción semellante e dentro do conxunto hispánico, os nomes vascos son os que parecen gozar de maior predilección.
3. Revitalización de nomes que foran esquencidos ou pouco usados. Neste caso úsanse tamén nomes específicamente galegos, recuperados doutras épocas, ou nomes comúns co castelán que caeran en desuso.

A relación dos 50 nomes más frecuentes podíamos achegarnos desde distintas perspectivas. Unha delas, a análise da súa estrutura fonética, para ver se responden a uns patróns específicos que os singularicen con respecto ós nomes comúns, xa é obxecto de estudio neste mesmo volume (vid. Regueira). Aquí considerarei os distintos grupos que se poden establecer en función da súa lingua de orixe: galegos, españois, comúns (o galego e o español), e foráneos (ingleses, etc.). En tódolos casos diferencio os nomes femininos dos masculinos, pois, como é sabido, os patróns de nominación son lixeiramente diferentes. A fonte principal é o censo de poboación de Galicia do ano 1998, proporcionado polo Instituto Galego de Estatística para a sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela)⁵. Con el dispomos dos prenomes de toda a poboación galega dese ano vinculada co seu ano de nacemento. Para ve-las tendencias onomásticas más recentes centrareime nos nomes dos nacidos na década de 1990 (ata o ano 1998, que é cando dispoñemos do censo)⁶. As cifras son as seguintes: 913 nomes femininos para 73.819 rapazas, e 1.012 nomes masculinos para 77.997 rapaces).

A escola dos nomes en Galicia a finais do século XX

Nesta relación que segue a seguir inclúo (en tipo máis pequeno e indexado baixo a forma con más ocorrencias) as variantes que un ítem onomástico pode presentar (gráficas, lingüísticas), porque non é dadeo discriminar en tódolos casos ata qué punto son percibidos como nomes diferentes. Parece claro, por exemplificar, que *Cristian / Christian / Cristhian*, etc., se deben percibir como o mesmo nome, e as diferencias son simplemente gráficas. E, pola outra banda, aínda que se coñezca que *Alejandro* é a forma castelá de *Alexandre*, penso que se perciben como nomes distintos. Tamén hai equivalencias que non son tan transparentes: as formas galegas *Erea* ou *Irea* con respecto a *Irene*, *Uxla* fronte a *Eugenia* ou *Pablo* fronte a *Pablo*.

Considero que este é un corpus abondo representativo, posto que os 50 nomes femininos más frecuentes pertencen a 51.608 rapazas, o que constitúe un 69,92% do total; a proporción é aínda meirande para os rapaces: son 55.700, o 74,15%. A primeira conclusión obvia destes números é que os rapaces teñen os nomes más concentrados nos primeiros postos do ránking.

Táboa 1. Os 50 nomes femininos más frecuentes
dos nacidos na década de 1990

1. LAURA	2851	26. ESTEFANIA	672
2. ANDREA	2506	STEPHANIE	7
3. MARIA	2445	ESTEFANI	4
4. SARA	2190	27. EVA	663
SARAH	8	28. NURIA	655
5. ALBA	2137	29. LARA	619
6. CRISTINA	2012	30. IRENE	597
7. LUCIA	1956	EREA	43
8. MARTA	1757	IREA	16
9. PAULA	1731	31. LETICIA	596
10. ANA	1690	LEDICIA	6
11. NOELIA	1490	32. VANESA	564
12. RAQUEL	1312	VANESSA	243
13. SANDRA	1211	BANESA	3
XANDRA	7	33. JESSICA	558
14. PATRICIA	1187	JESICA	90
15. NEREA	1158	JESSIKA	3
16. TANIA	1128	YESSICA	119
17. LORENA	1034	YESICA	103
18. TAMARA	997	YESIKA	3
19. BEATRIZ	898	34. ANGELA	553
20. IRIA	898	ANXELA	54
21. SILVIA	844	35. NOEMI	548
22. CARLA	820	NAOMI	27
23. ANTIA	792	36. VERONICA	539
24. NATALIA	743	37. CARMEN	519
25. ROCIO	692	CARME	15

Ana Isabel Boullón Agrelo

38. JENNIFER	504	42. REBECA	485
JENIFER	216	43. YOLANDA	475
JENIFFER	14	44. UXIA	446
JENIFFFER	9	BUGENIA	30
JENNYFER	5	45. ALICIA	444
YENIFER	22	46. FATIMA	444
YENNIFER	15	47. ANA MARIA	426
39. ELENA	490	48. SABELA	421
HELENA	139	ISABEL	381
40. SONIA	490	ISABELA	5
41. MIRIAM	486	49. ALEJANDRA	412
MIRIAN	334	ALEXANDRA	178
MIRYAM	6	50. MONICA	408
MYRIAM	10		

Táboa 2. Os 50 nomes masculinos más frecuentes
dos nacidos na década de 1990

1. ADRIAN	3478	CRISTHIAN	22
HADRIAN	27	CRHISTIAN	4
2. DAVID	3172	CRISTIAM	4
3. DANIEL	2899	17. MARTIN	1152
4. ALEJANDRO	2688	MARTIÑO	17
ALEXANDRE	370	18. BRAIS	1119
ALEXANDRO	32	BLAS	5
ALEX	101	19. MARCOS	1095
ALEXANDER	66	20. OSCAR	1012
ALESANDER	13	21. IAGO	880
5. PABLO	2595	YAGO	437
PAULO	36	22. ALVARO	874
6. DIEGO	2540	23. BORJA	874
7. IVAN	2038	24. JOSE MANUEL	810
8. JAVIER	1802	XOSE MANUEL	6
XABIER	93	25. ANGEL	725
XAVIER	36	ANXO	269
9. RUBEN	1732	26. JOSE	700
10. SERGIO	1658	XOSE	23
SERXIO	5	27. ANDRES	694
11. MANUEL	1624	ANDRE	92
12. MIGUEL	1538	28. ANTONIO	692
13. CARLOS	1476	ANTON	265
14. JORGE	1286	ANTONI	4
XURXO	59	29. SANTIAGO	688
15. ALBERTO	1274	30. SAMUEL	687
ALBERTE	17	31. JUAN	662
16. CRISTIAN	1239	XOAN	46
CHRISTIAN	383	XAN	4

A escollo dos nomes en Galicia a finais do século XX

32. FRANCISCO	659	43. FRANCISCO JAVIER	428
33. FERNANDO	581	44. JOSE LUIS	409
FERNAN	15	XOSE LUIS	4
34. GABRIEL	567	XOSE LOIS	3
35. ROBERTO	566	45. BRUNO	404
ROBERT	4	46. JONATHAN	404
36. JESUS	555	JONATAN	270
XESUS	12	YONATAN	34
37. ISMAEL	542	JHONATAN	20
38. PEDRO	542	JHONATHAN	5
39. VICTOR	542	JONHATAN	4
VITOR	3	YONATHAN	14
40. JACOB	487	47. AITOR	390
XACOBE	32	48. GONZALO	388
XACOBO	14	49. HECTOR	376
41. LUIS	483	HEITOR	12
LOIS	65	50. RAUL	376
42. JOSE ANTONIO	478		
XOSE ANTON	4		

Non podemos coñecer-la motivación con que estes nomes foron impostos, porque sempre inflúen razóns moi diversas: a etimoloxía do nome, as evocacións emanadas polos personaxes que o portasen, razóns familiares, a influencia dos mass-media, pero o feito é que parece haber unhas preferencias comúns en diversos países do noso contorno cultural. En todo caso, seguramente pesarán razóns eufónicas, pois, independentemente da lingua falada, hai nomes que se repiten. Véxase, a este respecto, *Alejandro* (4º), que aparece en castelán, en galego (*Alexandre*), en inglés e noutras variantes, ou os outros que aparecen no seguinte cadro segundo a súa popularidade⁷:


	Galicia	Cataluña	Madrid	Francia	Italia	Inglaterra e Gales	Alemania	USA
Laura	1	1	2	9		9	2	49
Maria	3	2	1	7 Marie, -150 Maria			51 Maria, 15 Marie	39 Mary, 47 Maria
Sara	4	9	6	8 Sarah, 118 Sara	3	12 Sarah	4 Sara/Sarah	4 Sarah
Ana	10	5 Anna	4	81 Anna, -150 Anne		48 Anna	20 Anna, 5 Hanna /Hannah	35 Anna, 11 Hanna, -150 Anne
Alejandro	4	9	10	8 Alexandre	4 Alessandro	13 Alexander	18 Alexander	23 Alexander
David	2	2	5	58	15 Davide	24	33	12
Daniel	3	3	4	(-150)	10 Daniele	4	11	8
Miguel	12	38 Miquel	6	Michel (-150)		12 Michael	74 Michel	1 Michael, 94 Miguel

Ana Isabel Boullón Agrelo

2. Distribución dos nomes por grupos lingüísticos

O meu propósito aquí é discernir de qué lingua viven as principais influencias dos galegos á hora de poñerles nomes ós fillos. De maneira que non teño en conta a procedencia etimolóxica, senón a lingua en que está o nome. Para exemplificar: os nomes *Andrea*, *Lucía* ou *Ana* etiquétoos como comúns ó galego e ó castelán, e non como grego, latino ou hebreo, respectivamente; da mesma forma, *Jorge* aparece como esp., e *Xurxo* como galego, aínda que os dous compartan a orixe grega. Considero como criterio a orixe que a xente probablemente lle atribúe a cada nome, aínda que non sexa certo desde o punto de vista etimolóxico⁸.

Como xa expliquei, a historia sociolingüística de Galicia debería determinar que a gran maioría dos nomes estivera en castelán, pois esta era a práctica obrigada pola lexislación ata hai moi pouco tempo. Así e todo, o maior grupo de preferencia é aquel en que os nomes son comúns ó galego e ó español: corresponde ó 66,66% das rapazas (os 19 primeiros na lista: *Laura*, *Andrea*, *Marta*...) e ó 51,15% dos rapaces.



A diferenza fundamental entre os xéneros é que as nenas levan máis nomes comúns (66% fronte ó 51%), menos nomes exclusivamente en español (un 10% fronte a un 33%) e teñen maior porcentaxe de procedencias moi diversas (un 13% fronte ó 5%). A porcentaxe dos nomes específicamente galegos é praticamente igual nos dous grupos (ó redor dun 6%). Isto está bastante en consonancia co conservadorismo que adoita caracteriza-los nomes masculinos en todas partes: os fillos están tradicionalmente más vinculados á continuidade familiar e por iso é más probable que lle poñan o nome dun parente; os nomes das fillas, pola contra, tenden a ser más susceptibles ás modas (vid. Lieberson 2000:26). O conservadorismo, na nosa situación diglósica, implica levar máis nomes en español e ser más refractario á entrada de nomes de procedencias foráneas.

As innovacións onomásticas son maiores no conxunto dos nomes femininos: hai catro nomes específicamente galegos (*Iria*, *Antía*, *Uxía* e *Sabela*), e só dous entre os masculinos (*Brais* e *Iago*). Da mesma forma, tamén hai máis nomes de orixe foránea.

A escolha dos nomes en Galicia a finais do século XX

nea entre os nomes femininos, e en postos más altos do ránking: *Sandra* (do italiano), *Tania* (do ruso), *Vanesa, Jessica, Jennifer* (do inglés), fronte a *Iván* (do ruso), *Cristian* e *Jonathan* (do inglés).

Nunha primeira ollada ós cadros vese que o segundo grupo é o español, e o terceiro, o galego. O inglés é o seguinte: a influencia da cultura norteamericana ten o seu correlato evidente nas preferencias de nominación.

2.1. Os nomes galegos

Foi nos anos 80 cando apareceron por primeira vez nomes galegos na lista dos más frecuentes. Esa tendencia parece ir consolidándose, e talvez deba atribuirse a un certo incremento na asunción da especificidade nacional galega. Os nomes propios poden ser un certo indicativo neste terreo: compárese a situación en Cataluña e no País Vasco, onde as representacións políticas nacionalistas son moito más fortes, e onde o nivel de catalanización ou euscaldunización da antropónimia é correspondentemente más elevado (véxase, por exemplo, Gorrotxagi 2002). Os nomes exclusivamente galegos lévanos un 5,95% das rapazas e un 5,72% dos rapaces.

Nomes galegos masculinos

Airas	Eloi	Xairo
Alberte	Ero	Xalo
Aldán	Fernán	Xaquín
Aleixo	Fiz	Xavier
Alexandre	Hadrián	Xenxo
Alfonso Daniel	Héitor	Xerome
Amaro	Henrique	Xesús
André	Iago	Xián
Antón	Iago Xosé	Xoán - Xan
Anxo	Keltoi	Xoán Carlos
Ares	Lois	Xoán Xosé
Artai	Manuel Antonio	Xoel
Artur	Manuel Anxo	Xosé
Benxamín	Martíño	Xosé Alfonso
Bieito	Nuno	Xosé Antón
Brais	Paulo	Xosé Carlos
Brandán	Roi	Xosé Lois
Breixo	Serxio	Xosé Luís
Breogán	Tomé	Xosé Manuel
Cibrán	Uxío	Xosé María
Denis	Vítor	Xulián
Domingos	Xacobe	Xulio
Duarte	Xaime	Xurxo

Ana Isabel Boullón Agrelo

Nomes galegos femininos

Aldara	Helena	Saleta
Alexandra	Iara	Sarai
Aloia	Icña	Sarela
Amaia	Iria	Suevia
Amara	Irimia	Uxfa
Antía	Ledicia	Xana
Anxela	Lúa	Xandra
Branca	Mariña	Xela
Carme	Matuxa	Xenia
Carmela	Minia	Xiana
Catarina	Navia	Ximena
Catuxa	Noa	Xiomara
Celtia ~ Zeltia	Noela	Xisela
Doa	Olalla	Xoana
Erea ~ Irea	Rosalía	Xulia
Estrela	Sabela	
Flavia	Safenza	

Facemos constar aquí as formas exclusivamente galegas, non sendo nuns poucos casos en que, aínda sendo nomes morfoloxicamente comúns co castelán, fan referencia a personaxes emblemáticos da cultura galega, tales como *Alfonso Daniel* (os prenomes de Castelao), *Rosalía* (de Castro), *Manuel Antonio* (o «poeta do mar»), ou *Ero* (o abade de Armenteira que aparece nas nosas medievais *Cantigas de santa María*). O resto dos nomes son equivalentes a outras formas disfundidas pola onomástica occidental e, en boa medida, foron recuperados para a oficialidade a partir da nosa cultura popular, onde podían seguir funcionando como alcumes (*Anxela*, con acentuación grave, *Brais* < lat. BLASIUS, *Xidn* < lat. IULIANUS, *Antón*, *Martiño*, *Paulo*¹⁰, *Alberte*). Outros proceden do redescubrimento dos nomes da nosa Idade Media (*Aldara*, *Ximena*, *Héitor*, *Artur*, *Fernán*, *Roi*, *Nuno*, *André*), ou da súa conservación como haxiotopónimos (*Breixo* < lat. VERISIMUS, *Uxla* < gr. EUGENIA, *Xenxo* < lat. GENESIUS). Un certo número deles conserváronse como apelidos (*Airas*, *Dents*, *Duarte*, *Roi*, *Tomé*, *Lois*, *Bieito* < lat. BENEDICTUS, *Xurxo* < gr. Georgius, *Fiz* < lat. FELIX) e outros, como apelidos e tamén como topónimos (*Lois*, *Cibrán* < CYPRIANUS).

Como dixemos antes, a lingua galega constitúe unha das principais vías de renovación da onomástica, o que se consegue por diferentes procedementos:

- Habilitación de hipocorísticos que adquieren a categoría de nomes: é o caso de *Catuxa* (de *Catarina*), *Sabela* (de *Isabel*), *Xela* (de *Anxela*), *Xandra* (de *Alexandra*) ou *Xan* (de *Xoán* < heb. IOHANNES) e *Xaqüín* (de *Xoaquín*).

A escola dos nomes en Galicia a finais do século XX

- Habilitación de topónimos, reais (*Iria, Flavia* –do topónimo *Iria Flavia*–, *Aloia, Navia, Sarela, Irimia, Aldán, Antela, Saínza, Xalo, Ares*), ou míticos (*Suevia* –a partir do xentilicio dos suevos, pobo de orixe xermánica que estableceu un reino en Galicia no séc. V–, e *Noela* –a suposta etimoloxía do topónimo *Noia*).
- Habilitación de substantivos comúns de connotacións fermosas ou positivas (*Ledicia, Doa, Lúa*).
- Evocacións míticas, de raizame celta, sobre todo (*Breogán, Artai, Keltoi, Celtia* – *Zeltia, Brandán*).
- Traducións: o nome *Anxo* é tradución directa do castelán *Ángel*, por descobrimento da existencia do nome tradicional galego *Anxelo*, con tonicidade na segunda sílaba; da mesma maneira se crearon os femininos *Anxos* (de *Ángeles*) e *Anxela*, fronte á forma tradicional equivalente *Anxela*.

2.2. Outros nomes hispánicos

Dentro dos grupos hispánicos non casteláns, non cabe dúbida de que os nomes preferidos son os vascos, tanto en cantidade (un 1,14% das nenas e un 0,91% dos nomes: un deles, *Aitor*, entra dentro da relación dos 50 primeiros) como en variedade, como a seguir veremos.

Nomes vascos masculinos: *Aitor / Mikel / Iñaki - Iñaki / Unai / Iñigo / Joseba - Yoseba / Julen / Iker / Andoni / Izan / Imanol / Gorka / Ander / Jon - Jon Ander / Josu - Yosu / Arkaitz / Aritz / Ibai.*

Nomes vascos femininos: *Ainhoa - Ahinoa - Ainoa - Ainhoa / Arantxa - Arancha - Arantza - Aranza / Aitana / Maite - Mayte / Abinara - Ainara / Naiara - Nayara / Itziar - Iciar / Aranzazu / Estibaliz - Estivaliz / Leire - Leyre / Amaya / Idibia - Idoya / Nagore / Ione / Iratxe / Maitane / Miren / Nekane / Edurne / Iriati / Itsaso.*

Ben sexa pola súa estrutura fonética ou pola sonoridade ou exotismo dos seus sons, o caso é que se cofiecen e se usan moitos máis nomes vascos ca cataláns, por posier un exemplo. En realidade, os nomes femininos cataláns teñen unha porcentaxe semellante ós vascos (un 1,11%), por conter dous de certa antigüidade, os das advocacións mariñas *Monserrat* e *Nuria* (de 28º no ránking); é dubidoso, con todo, que a xente tefía claro que este último nome é catalán, pois non ten unha morfoloxía tan clara coma o de *Monserrat* (que, por outro lado, se rexistra tamén máis adaptado, como *Monserrat*). Os outros nomes femininos son *Alcira, Meritxell* e *Mireia* (e *Mirella - Mireya*). Con respecto ós masculinos, non chegan ó 0,1%, e son formas ben representativas desta lingua: *Antoni, Joan, Jordi* (tamén escrito *Yordi*), *Marc* e *Sergi*.

É rechamante a relativa abundancia de nomes canarios masculinos (son portados por 64 nenos, máis cós que levan nomes cataláns): *Aday* e *Yerai* (coa variante *Yeray*). Para as nenas, tamén se documenta *Yeray*, pois non ten clara a morfoloxía

Ana Isabel Boullón Agrelo

xenérica, e mais *Naira*. Estes nomes foron rescatados do pasado indíxena canario (ou inventados a partir de a), e probablemente hai razóns eufónicas, semellantes ás dos vascos, para explicá-lo seu éxito.

2.3. Nomes non hispánicos

O primeiro grupo é, obviamente, o dos nomes ingleses, que constitúen un 5,04% do total entre as rapazas e un 4,63% entre os rapaces.

Cristian - Christian - Cristhian - Cristian Jose - Cristian Manuel - Cristian Jesus - Crhistian - Cristiam - Christian Jose - Cristian a. - Cristian David - Cristian M. / Jonathan - Jonatan - Yonatan - Jhonatan - Yonathan - Jhonathan - Jonhatan / Kevin - Kewin - Kevin Antonio - Kevin Jose / Edgar - Edgar Manuel - Edgar Adrian / Alexander - Alesander - Daniel Alexander / Alexis / Brian - Bryan - Braian - Brayan / Oliver / Joshua - Josua - Josuha / Maikel - Maykel - Maiquel - Mickel / Christopher - Cristopher - Cristofer - Cristhofer / Nelson / Joel - Yoel / Alan / Junior / Jordan / Richard / Steven - Estiven - Stiven / Emmanuel - Emmanuel / Robin / Brandon / Walter / Adam / Ian / Stefan - Estefan / Patrick / Jason / Johnny / Norman / Andy / Anthony / Robert / Danny / Dilan / Frank / Patric / Roger / Waldo.

Jessica - Yessica - Yesica - Jesica - Jessica Maria - Yesika - Yessica Maria - Jessika / Vanesa - Vanessa - Maria Vanesa - Vanessa Maria - Vanesa Maria - Banesa - Maria Vanesa - Vanesa Isabel / Jennifer - Jenifer - Yenifer - Yennifer - Jeniffer - Jenniffer - Jennyfer - Jennifer Marla / Sheila - Xeila - Seila - Sheyla - Sheila Maria - Seyla / Cintia - Cynthia - Cinthia - Cinthya - Cintia Maria - Cyntia / Judit - Yudit / Elisabet - Elisabeth - Elizabeth - Elisabeht / Melanie - Melani - Melany / Samanta - Samantha / Brenda / Melissa / Melody - Melodi / Pamela - Pamela Maria / Naomi / Kelly / Karen / Mayra - Maira / Dana / Gladis - Gladys / Abigail / Stephanie - Estefani / Sindy - Cindy / Nancy / Priscila / Fanny / Shaila / Kassandra - Cassandra / Evelyn / Jenny / Tifany - Tiffany / Yohana / Janice / Kimberly / Dayana / Anna / Alison / Nelly / Daisy / Dakota / Janina / Kristel / Mery / Rubi / Selma / Sharon / Wendy / Yoselin.

O primeiro que nos chama a atención na relación dos nomes de procedencia inglesa é a pluralidade de formas que pode presentar cada nome: dado que o sistema gráfico-fonético é tan distinto nas dúas linguas, é normal que exista desconcerto á hora de utilizar *w*, *b*, *y*, *ss*, e tódalas posibles combinacións: véxase, a este respecto, na lista alfabetica, os casos de *Christian*, *Christopher*, *Vanessa*, *Jonathan*, *Jennifer*. Hai intentos de naturalización fonética, en que se tende a escribir o que realmente se pronuncia: de aí a adaptación do <sh> inglés por <x>, que é o grafema que usamos en galego para o son /ʃ/ (cf. *Xeila*); no mesmo sentido van as grafías que usan o <i> polo <y> (*Rubi*, *Melodi*, *Melani*), o apoio dun *e*- ante un *s*- líquido (*Estefan*, *Estefani*, *Estiven*), o uso gráfico das vogais tal e como se pronuncian (*Mery*, *Estiven* - *Stiven*, *Maikel*, *Braian*, *Dayane*), ou o uso do <y> do español no canto do <j> inglés (como

A escollo dos nomes en Galicia a finais do século XX

en *Yonatan, Yonathan, Yosua, Yesika, Yenifer, Yoselin*)¹¹. Outro indicio da naturalización destas formas é a súa utilización en compostos con nomes hispánicos: *Cristian José, Cristian Manuel, Kevin Antonio, Jennifer Marla, Jessica Marla, Vanesa Isabel, Marla Vanesa, Cintia Marla...* Aparecen nomes que son en realidade hipocorísticos, tales como *Johnny, Andy, Danny, Jenny*, quizais por non se percibiren como tales, e mesmo hai unha forma que non é en rigor un nome, senón un adxacente nas fórmulas antropónimicas en inglés para diferencia-lo fillo do pai que se chama igual: *Junior*.

A escollo dos nomes preferidos só coincide en certa maneira coa de nomes moi frecuentes nos Estados Unidos. Na táboa que segue indicamos 4 dos nomes masculinos e 5 femininos más frecuentes en Galicia de orixe inglesa, e a súa posición no ránking nouros países.

Nomes ingleses e a súa posición no ránking en diferentes países

	Galicia	Cataluña	USA	Inglatera e Gales	Alemaña	Francia
Christian	11	27	32		50	(-150)
Jonathan	24	59	21	42	34	68
Kevin	62	34	25	3	19	22
Edgar	97	54	154			(-150)
Vanessa	21	(-100)	57		29	(-150)
Jennifer	24	47	16	(-100)	38	(-100)
Jessica	25	49	1	29	49	88
Sheila	53	55	(-150)			(-150)
Cynthia	79	(-100)	105			(-150)

Está claro que algúns nomes teñen moita aceptación en varios países (como *Kevin ou Jessica*), pero hai outros que parecen gozar de popularidade máis rexional. Por exemplo, *Sheila* está bastante por debaixo dos primeiros 150 en Estados Unidos, e, non obstante, goza de moita aceptación no ámbito hispánico. Ademais, a maioría destes nomes (non sendo *Kevin* e quizais *Jessica* ou *Jennifer*), non tiveron especial impulso dos medios de comunicación, é dicir, non eran nomes de personaxes populares ou careceron dun impulso mediático semellante.

Un grupo especial de nomes constitúeo os de orixe celta. Entran, con bastante probabilidade, a través do inglés, pero posiblemente as súas motivacións sexan diferentes, dadas as tradicionais relación culturais existentes entre Galicia e o chamado «mundo celta» (a Bretaña francesa, Irlanda, Escocia, Gales, Cornualha e a Illa de Man). Os nomes rexistrados son os seguintes: *Kilian / Brando / Bran / Heber* (masculinos); *Brianda / Moira / Neila / Enya / Muriel / Aine* (femininos).

Doutros grupos, xa a bastante distancia dos ingleses, indícanse en orde decrecente os de frecuencia superior ó 1%:

Ana Isabel Boullón Agrelo

- Fem.: rusos: 3,02%; italianos; 2,59%; franceses: 2,02%; árabes: 1,84% (cf. vascos: 1,14% e cataláns: 1,11%).
- Masc.: rusos: 2,71%.
- **Rusos:** douce deles, *Tania e Lara*, están dentro dos 20 primeiros, o que sitúa este grupo como primeiro dos foráneos, despois do inglés, cun 3'02% con respecto ó total: *Catia - Katia / Dunia / Irina / Ivana / Ivanka / Milena / Nadia / Raisa / Saskia / Tania / Tatiana / Vania / Vera*. É de salientar neste grupo o caso de *Vania*, masculino na lingua de orixe pero usado por nenas por rematar en *-a*. Entre os masculinos (2,71%), tamén hai un entre os 10 primeiros, *Iván*; os restantes son *Boris, Igor e Ivan - Yvan*.
- **Italianos:** a porcentaxe dos nomes fem. é do 2,59%; entre eles, *Sandra* está dentro dos 15 preferidos para as nenas galegas; fóra deste, os nomes más difundidos non son xa os das devocións relixiosas tradicionais (*Goretti, Loreto*), senón outros novos con motivacións diversas (por esta orde, *Aida, Romina e Paola*). A relación completa é a seguinte: *Aida / Alessandra - Alessandra / Anabela / Arianna / Bianca / Carina / Elda / Giovanna - Giovanna - Iovana - Yovana - Yovanna / Goreti - Goretti / Isabela / Karina / Kiara / Loreto / Luana / Norma / Oriana / Paola / Romina / Rosanna / Sabrina / Sandra / Silvana; masc (0,07%). Aldo / Alessandro - Alessandro / Enzo / Eros / Estefano / Giovanni*.
- **Árabes.** Non parece que, cando menos nos casos dos nomes más difundidos, indiquen unha orixe étnica (entre outras consideracións, as correntes inmigratorias en Galicia son aínda bastante febles), senón que debe entrar en xogo o mesmo factor que determina os demais grupos (aspecto fonético, difusión polos mass-media...). Nalgún caso, como é o de *Yasmin*, inflúe seguramente a difusión dunha película estadounidense de debuxos animados (*Aladdin*). Os nomes femininos árabes teñen bastante aceptación (1,84%). O más difundido é o do topónimo que deu nome a unha advocación mariana en Portugal (*Fátima*), seguido de *Yaiza, Soraya e Yasmin*. A relación alfabetica é a seguinte: *Adhara / Aisa - Aixa / Alia / Altair / Arabia / Azahara / Fatima / Jasmina / Laila / Leila / Moraima / Naila / Omaira / Soraya - Soralla / Sulamita / Yadira / Yaiza / Yasmin - Yasmina - Yasmine - Yazmina - Yesmina / Yesenia / Zaida / Zaira / Zenaida / Zoila / Zoraida / Zulema*. Entre os nenos, cunha proporción do 0,18%, o preferido é *Omar*: *Amir / Fadi / Karim / Nabil / Omar / Samir*.
- **Franceses.** Algúns dos femininos son advocacións marianas de introdución más ou menos antiga (*Lourdes*, por exemplo, ou a súa adaptación fonética, *Lurdes*, encóntranse desde primeiros do século XX; o mesmo ocorre con *Lorena*, que tivo o seu máximo auxe na década de 1980). A lista vén a seguir: (2,02%): *Aline / Anais / Ariane / Arlet / Cristel / Denise - Denise / Desire - Desiree / Gisela / Ivonne - Yvonne / Jacqueline - Jaqueline / Janet / Jeanette - Jeannette / Janette / Lorena / Lourdes / Magali / Melodie / Michele - Michelle*

A escolha dos nomes en Galicia a finais do século XX

/ Nadine / Nicole / Rene / Valerie / Yanina: Os masculinos son o 0,13%: *Alain / Dennis / Michael - Michel / René.*

- Escandinavos. Masc. (0,17%); *Mikael - Micael - Mickael / Acxel - Asel - Axel / Erik - Erick - Eric;* fem. (0,09): *Ingrid / Helga / Erica / Greta / Astrid.* Poderíamos incluír aquí os poucos nomes alemáns, dos que se rexistran unicamente formas femininas (0,13%): *Johanna / Erika / Marlene - Marlen / Johana.*
- Portugueses. Curiosamente, malia a veciñanza física e lingüística con Portugal, non se rexistran apenas nomes que se poidan considerar exclusivamente portugueses. Ningún masculino, e só uns poucos femininos (0,02%): *Andreia / Anadia / Elva / Alva / Joana.*
- Entre outros nomes que son irrelevantes desde o punto de vista estatístico, destaca a presenza dun nome maori, *Aroa*, que coas súas 100 ocorrencias acada un 0,13% do total.

3. Conclusións

No último cuarto do séc. XX, en Galicia produciuse unha gran mudanza nos hábitos onomásticos, como consecuencia dos cambios sociolóxicos e lexislativos que permitiron maior liberdade á hora de escoller nomes. Desta maneira, entraron moitos nomes novos (doutras linguas ou creacións ex novo), rescatáronse outros (os galegos, fundamentalmente), e os nomes preferidos foron cambiando con maior rapidez. As diferenzas xenéricas son as habituais: para os nenos escollense formas en xeral más conservadoras, o que significa máis nomes en castelán e menos de orixes lingüísticas foráneas.

Con respecto ós grupos lingüísticos, os nomes preferidos son os comúns ó galego e ó castelán (e, en boa medida, a outros países da nosa órbita cultural). Séguelles o das formas exclusivas en español e, en terceiro lugar, os nomes galegos (dos que hai dous masculinos, *Brais e Iago* e catro femininos, *Iria, Antía, Uxía e Sabela*) nos 50 más frecuentes. Despois, atopamos un forte empuxo dos nomes de orixes lingüísticas diversas. Cuantitativamente, o grupo máis numeroso é o dos nomes ingleses (un 5% do total), pero tamén atopamos nomes de diversas procedencias: entre os femininos, tres ingleses (*Jessica, Vanessa, Jennifer*), dous rusos (*Tania, Lara*) e un italiano (*Sandra*); para os masculinos, dous ingleses (*Christian, Jonathan*), un ruso (*Iván*), e un vasco (*Aitor*).

En definitiva, dada a evolución da nosa sociedade, é de prever que estas tendencias, encamiñadas á renovación dos corpus antropónomico dos galegos, apunten cara ó incremento do transvase de nomes entre as diferentes culturas; así mesmo, a igualación do papel da muller da sociedade fará diminuir o conservadorismo dos nomes masculinos. En canto á normalización dos nomes propios galegos, dependerá da vontade e da concienciación do noso pobo.

Ana Isabel Boullón Agrelo

BIBLIOGRAFÍA

- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Fernando R. Tato Plaza (1998/99): «Personal names in Galicia as a sign of cultural identification: historical scope and current situation», *Onoma* 34, 15-44.
- García Gallarín, Consuelo (1998): *Los nombres de pila españoles*. Madrid: Ed. del Prado.
- Gorrotxategi Nieto, Mikel (2002): «Evolución del nombre de pila en el País Vasco peninsular», en A. I. Boullón (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*, 967-982. Ed. in CD-ROM. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza.
- Caffarelli, Enzo / Doreen Gerritzen (2002): «I prenomi più frequenti nel mondo alla fine del secondo millennio», *Rivista Italiana d'Onomastica* 8, 2, 631-709.
- Lieberson, Stanley (2000): *A matter of taste. How names, fashions, and culture change*. New Haven & London: Yale University Press.
- Méndez, Luz (2004): «A onomástica persoal en Galicia. Ano 2001», en R. Álvarez / A. Santamarina (eds.): *(Dis)curso da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 541-552.
- Merry, Emma (1995): *First names: the definitive guide to popular names in England and Wales 1944-1994 and in the regions 1994*. London: HMSO.

Fontes para as relacións nominais: páxinas web consultadas:

- <http://www.behindthename.com> (The etymology and history of first names)
- http://www.eustat.es/elem/ele0000500/tbl0000551_c.html
- http://www.eustat.es/elem/ele0000500/tbl0000550_c.html (Nomes vascos, 2002-2004)
- <http://www.ssa.gov/OACT/babynames/decades/names1990s.html> (Nomes USA década 1990)
- <http://www.idescat.net/orpi/Orpi?TC=111> (Nomes cataláns)
- http://www.xunta.es/auto/ige/ga/demograficas/mnp/nomes_nacidos/index2000.htm (Nomes galegos 2000)
- <http://www.linternaute.com/femmes/prenoms/prenoms/1/2000/1/france.shtml> (Nomes franceses)
- <http://www.sca.org/heraldry/paul/> (Nomes rusos)
- <http://www.beliebte-vornamen.de/2000.htm> (100 Nomes alemáns, ano 2000)

A escolta dos nomes en Galicia a finais do século XX

NOTAS

1. Para un panorama histórico da antropónimia en Galicia véxase Boullón / Tato 1988/99. Unha versión distinta deste traballo foi lida, en inglés, no *XXII International Congress of Onomastic Sciences* (Upsala, 2002).
2. Condicións estas últimas que non se cumpren de maneira estrita na práctica, e así vemos que hai hipocorísticos que constan legalmente como nomes (*Anabel, Lola, Nina, Maika, Chabeli, Maribel ou Mariola*), ou nomes sen adscrición clara de xénero, co que os levan tanto nenos coma nenas (*Yeray ou René*). Para máis información desde unha perspectiva legal, véxase Villares Naveira, nestas mesmas Actas.
3. O mesmo ocorre no ámbito do mundo occidental: véxase Caffarelli / Gerritzen 2002:706.
4. Sen contármelas variantes ortográficas (*Vanessa, Banesa...*); nese caso o descenso sería do posto 3º ó 23.
5. Lamentablemente, unha das características do Censo é que carece de tiles. Iso impídenos comproba-la acentuación dalgúndhas formas (como en *Anxela / Ánxela*), e é a razón pola que transcribo os nomes tal e como aparecen, en maiúsculas e sen acentuar.
6. Ultimamente publicouse unha aproximación semellante, feita no ano 2001: véxase Méndez 2004.
7. Como dispomos de datos heteroxéneos non podemos ofrece-la mesma información para todos. Indicamos a seguir as especificidades de cada área: salvo que se indique expresamente, están tiradas das páxinas web que se indican na bibliografía final. Nomes cataláns: os 100 más frecuentes en 1996; madrileños: período de 1988 a 1993, tirados do padrón municipal (García Gallarín 1998); franceses: os más frecuentes en 2000; italianos os 20 más frecuentes en 2000 (Caffarelli / Gerritzen 2002); alemáns: os 100 más frecuentes en 2000; ingleses e galeses: os más frecuentes en 1995 (Merry 1995); e, finalmente, estadounidenses, os mil más frecuentes da década de 1990-1999. Os vascos non foron incluídos porque case todos eles son vascos, e por tanto non hai coincidencias: vid. Gorrotxategi 2002.
8. Así, *Antía, Antón, Manuel Antonio, Rosalía* son socialmente considerados como «nomes galegos» por distintas razóns, aínda que non sexan formas privativas do galego. Son consciente de que esta clasificación, más sociolingüística ca lingüística, ten os seus problemas: tal que un mesmo stem onomástico poida estar etiquetado de formas diferentes: *Kristel* ing., pero *Cristel* fr., e *Cristal*, como non marcado.
9. *Antía* non é, sensu strictu, unha forma específica galega (vén do grego *Anthia* ‘florida’, ‘extralda das flores’), pero popular –e erroneamente– tense pola forma galega correspondente a *Antonia*.

Ana Isabel Boullón Agrelo

10. Sabemos pola biografía do ferrolán Pablo Iglesias, un dos fundadores do PSOE, que súa nai lle chamaba *Pauliño*.
11. Nalgúns casos non é doado determinar se estamos ante un nome inglés ou español. Por exemplo, inclúñ *Jason* entre os nomes ingleses, aínda que en español o equivalente se escribe de forma semellante (*Jasón*), porque aínda que se coñece como nome mitolóxico, non hai tradición de usalo como prenome, e ademais a forma inglesa é coñecida polas series de televisión. O mesmo se pode dicir de *Jordan*. Noutros casos, como *Joel*, non está tan claro, porque os nomes bíblicos en *-el* son bastante coñecidos na tradición onomástica hispánica. En todo caso, a forma *Yoel* dáno-lo indicio de que debaixo pode estar a forma inglesa (máis probablemente cá homónima catalá).